

O tempo e o clima

Que temperatura vai?

Imaxinas que o tempo fose igual todos os días?
A nosa vida sería máis aburrida, non teríamos que decidir que roupa poñer, nin necesitaríamos informarnos do tempo...

Daniel Fahrenheit tamén estaba preocupado polo tempo atmosférico. Por iso, estudou todos os aparellos que, coma o termómetro, medían a temperatura.

En 1747 inventou un novo termómetro de mercurio e ideou unha escala para medir a temperatura. A temperatura máis baixa correspondía a 32 °F (32 graos Fahrenheit), que é o punto de conxelación da auga. A máis alta, 212 °F, alcánzaa a auga ao ferver. Entre as dúas estableceu varios graos.

O termómetro de mercurio utilizouse en España ata 2007. Ese ano deixouse de fabricar porque o mercurio é un metal perigoso para as persoas e para a natureza.



1. Responde as seguintes preguntas

Quen inventou un termómetro de mercurio?
Cando o inventou?
Cal era a temperatura máxima do termómetro?
E a mínima?
Cando se deixou de fabricar?

A atmosfera

2. Arrastra as palabras onde corresponda

Como é a atmosfera


calor osíxeno atmosfera respiración Terra
temperaturas importante gases Sol

A _____ é a capa de aire que rodea a _____. O aire está formado por diferentes _____. Os máis abundantes son o nitróxeno e o _____, que é necesario para a _____ dos seres vivos. Tamén hai dióxido de carbono e vapor de auga.

A atmosfera é moi _____ para a vida na Terra porque filtra os raios do _____ prexudiciais para os seres vivos. Ademais, retén unha parte da _____ procedente do Sol e impide que as _____ do noso planeta sexan demasiado altas ou demasiado baixas.

3. Arrastra as capas da atmosfera onde corresponda

As partes da atmosfera



4. Mira a imaxe anterior e responde:

En que capa está a Estación Espacial Internacional?
En que capa voan os avións?
Ata que altura chega a estratosfera?
En que capa está a contaminación?
En que capa se producen as auroras boreais?

O tempo atmosférico

5. Completa as seguintes frases

O tempo atmosférico é o estado da _____ nun lugar e nun _____.
Os elementos do tempo son as temperaturas, as _____ e o vento.
O _____ mide a temperatura do aire en grados Celsius (°C).
O anemómetro mide a _____ do vento.
O _____ indica a dirección do vento.
As precipitacións poden ser en forma de _____, neve ou _____.

6. Arrastra onde corresponda

